

## A procura da transcendéncia en “Saltério de Fingoi”

**Araceli Herrero Figueroa**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

HERRERO FIGUEROA, ARACELI (2011 [1981]). “A procura da transcendéncia en ‘Saltério de Fingoi’”. *Grial*: 74, 480-489. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1955>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

HERRERO FIGUEROA, ARACELI (1981). “A procura da transcendéncia en ‘Saltério de Fingoi’”. *Grial*: 74, 480-489.

\* Edición dispoñible desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

## A PROCURA DA TRANSCENDÉNCIA EN "SALTÉRIO DE FINGOI"

### INTROITO

O desvalimento do home e o seu descontento perante a imperfeita realidade, poden levar a un poeta a expresar a sua disidéncia respecto do seu entorno, entendendo por tal a sociedade en que vive. Teríamos entón unha poesía cívica ou social de signo contestatário<sup>1</sup>. Tamén este sentimento de imperfección, de abandono, pode levá-lo á evasión do seu entorno vivencial. O poeta, entón, mergulla-se en si mesmo e proxecta aquel sentimento na sua obra con outras posibilidades, unha delas o amor, que á sua vez pode manifestar-se nunha vertente exclusivamente erótica ou como sentimento sublimado<sup>2</sup>.

Mais tamén pode ser que nesta procura dun vínculo exterior, o autor non encha o seu valeiro na proxección dun amor por un ser incompleto como el mesmo, senón que o seu sentimento transcenda do propriamente humano: teríamos así unha poesía de resonáncias más ou menos relixiosas.

Todas estas tres posibilidades de manifestación do *ego* están ampliamente representadas na lírica de Carballo Calero, mais cremos que a presencia do transcendente é o núcleo fundamental na temática do seu libro *Saltério de Fingoi*, integrado actualmente no volume *Pretérito Imperfeito*<sup>3</sup>.

Raremos nos títulos. Carballo escolleria-os concienciadamente:

<sup>1</sup> Enunciamoslo expresamente porque este carácter é accidental, xa que, por suposto, hai poesía cívica ou social de signo laudatório; mais nos últimos anos, cando se falaba en Galiza de poesía cívica ou social, entendía-se, como consecuencia da situación histórica, que se trataba de literatura de oposición.

<sup>2</sup> É dicer, hai un tratamento más realista e outro más idealista, más platónico, no que o amor se manifesta como unha vivéncia estética, como un puro sentimento. No autor do que nos ocupamos cremos ver manifestacións dos dous puntos de vista. O segundo pode ter importancia con referencia ao tema do noso estudo, mais non nos propomos investigá-lo.

<sup>3</sup> R. Carballo Calero, *Pretérito Imperfeito (1927-1961)*, A Coruña, 1980. As cifras entre paréntesis que seguen no texto ás citas, referen-se ás páxinas desta edición.

iso acostuma facer; sabemo-lo ben aqueles que temos traballado, como el diria, "baixo a sua férula". Achamos así xa na denominación xeral do volume un termo que nos remite a *imperfección*, palabra clave, xa o veremos. E no libro obxecto hoxe da nosa atención, a palabra *saltério*.

Este nome de *Saltério* que ostenta a primeira parte do libro publicado en 1963, é unha frecha indicadora dun certo sentido relixioso que o autor percebia ou intuía na sua obra. E o feito de que este título, dunha parte, se propague a todo o libro, non nos parece alleo a unha consideración auténtica da lírica recollida naquel volume como radicalmente motivada por un pulo de trascendencia.

Supomos tamén que o título implica máis que referencia a unha colleita de salmos (propriamente o libro non é unitario), ao instrumento musical do que o poeta se val, se non para louvar, si para por-se en contacto coa divinidade e profundar nunha interioridade que esculca as últimas esencias do existir do home.

E dicemos do home porque ainda que se poda albiscar en moitos poemas o ego do autor, en liñas xerais —e non por sobrébia, senón humildemente, segundo nos parece—, este se fai portavoz do atormentado xénero humano, enfrentado a si mesmo e á sua trascendencia, e aprisionado baixo o esmagador peso da sua condición humana, que o levará non á confesión das suas culpas —porque o home que se nos apresenta non é individualmente culpábel: é-o xeneticamente—, senón á procura dun Deus que ainda que inacesíbel e misterioso, paira de algun xeito sobre as nosas desesperanzadas vidas.

## 1. Deus

O Deus que preside o libro é un Deus inominado, non pola nosa intrínseca incapacidade para describéllo ampla e adecuadamente, senón que ha ser por modéstia e por respeito polo que é omitido o seu nome, como se con só pronunciá-lo pretendesemos, ensoberbecidos, igualar-nos con El e aprisioná-lo na sua nominación<sup>4</sup>. E así, salvo unha ocasión, aparecerá aludido como *Altos Poderes* (190), *Alguén* (139; 140), *Zeus* (140) ou mesmo *Dionisos* (234) —neste deradeiro caso, tras da alegoria da dura proba á que somete á Bacente, a alma, quizá haxa tamén eufemismo—.

Mais este Deus é tamén un Deus ignoto (190), agora xa non por resonancias helenísticas: non é o deus desconocido e esquecido do culto grego, que San Paulo identificou co Deus cristián (*Feitos 17:23*); non partilla a sua divinidade. O seu descónocemento parte da incapacidade humana, da nosa inherente cegueira. É un Deus envolto en néboa aos nosos ollos, máxima categoría sensorial, pois se deles procede o noso pecado orixinal (*de ollos son o prezo / o*

<sup>4</sup> Nas mesmas escrituras, evita-se amiúde o nome próprio de Iaveh, e son denominacións perifrásicas, indirectas, como Omnipotente, Altísimo, as que soen suplir a designación directa, como se esta envolvese unha invocación sacrilega, ou implicase unha familiaridá irreverente.

*mal e o ben; páx. 221), tamén através deles o home capta as escasas e súbitas chamadas:*

*E vemos só as faíscas choutar de cando en cando,  
cando o ferro ou o azo rozan o antergo ritmo;  
formosos e terríbeis lóstregos subitáneos (139),*

às que o home acorda sobrecollido.

Mais estas mensaxes son tan esporádicas, que a arela infinita do home en procura dun Deus agachado na escuridade, deriva en desacougo, o desacougo de toda búsqeda nas trebas. Hai así unha punxeante saudade de Deus.

Dicíamos que a nosa natureza era a culpábel da nosa limitación para a revelación de Deus. E así é como, en certo modo, tamén se reflexa no *Auto do Prisioneiro*<sup>5</sup>. A peza é unha dramatización expresionista da peregrinación da alma na búsqeda da divinidade. A chamada telefónica só é respondida co silencio. O bater cos cotonos na porta forzará a sua apertura; mais tal apertura só se produce cando o prisioneiro cai morto. O autor, que refuga o frio dogmatismo, non afirma na obra un nihilismo sartriano. A porta abre-se; só vemos trebas; mais non sabemos se logo os ollos, xa non de terra<sup>6</sup>, verán a luz. —Evidentemente o autor non quixo resolver o enigma, seguramente porque non pudo resolvé-lo—. Mais por moito que a porta aberta por unha man invisíbel, tras da morte do Prisioneiro, supóna unha esperanza, caberia tamén unha leitura do drama dominada por un certo agnosticismo que non se atopa en *Saltério de Fingoi*. No libro, a fiestra abre cara o dia (139), cando o pai acorda ao naipelo para que asuma as suas obrigas escolares, e, mesmo, encuberto baixo o disfarce de Dionisos, chega a entablar diálogo coa alma (236); un Deus que como o sol, tras a sua posta, pode esperar-nos nos antípodas, no alén (166).

A búsqeda de Deus presupón o encontro. Se Deus é procurado, é que foi achado (como veremos, o libro supón un reencontro). O Deus de *Saltério*, anque ignoto, preside desde o alto as nosas vidas. É un Deus omnipotente. Simboliza-se como o rei que recebe a nosa oferenda (235), como o Esquilo que escrebe as nosas próprias tragedias (140), nas que é máis que un mero escritor: é tamén o director que as pon en escena; é o afiadador que move a roda do mundo (139), o constante virar das nosas vidas (141); o vindimador que esmagá os ácios do noso corazón (234); e o abutre esgazador que tripa coas suas poutas a terna pomba que é a nosa alma (235).

Apresenta-se-nos así un Deus non mero criador, un Deus activo do que é rasgo fundamental a sua força, un Deus antropomorfizado —figura-se-nos un atlante sustentador do mundo—: que impulsa a roda da vida coa sua perna invisíbel (139), que arrasta o home à

<sup>5</sup> R. Carballo Calero, *Catro Pezas*, Vigo, 1971.

<sup>6</sup> No poema que pecha o *Saltério de Fingoi* fala-se de *beizos de terra* e *beizos de ceu*, que dan nomes opostos á mesma cousa. Así, dentro desta doutrina, que distingue un mundo aparential (terreno) e un mundo real (celest), poderíamos falar, tamén, de *ollos de terra* e *ollos xa non de terra*.

noite do seu mistério co seu podente brazo (235); pero que tamén, tal como un pai ao seu naipelo, mexe o noso berce coa sua man descoñecida (141).

A grandiosidade, pois, non exclui a ternura para coa sua criatura. E anque o poeta diga que *a dor de Deus non afoga no esquezo* (221), non pretende apresentar aquí un Deus rencoroso que non esquece a deslealdade do home, levado por un autoritarismo ditorial. O poeta lembra aquí pasaxes da Bíblia en que Deus é apresentado como fondamente doido pola ingratitudde do home, non porque este desafiará a sua autoridade, senón polo que a sua conduta significa de desamor. É verdade que a consecuencia é a prolongación do desterro (non se menciona a promesa de redención), mais cremos que o que se intenta sinalizar é o esgazamento do corazón de Deus perante o fallo da sua criatura, que non amosa ao seu Criador o amor que El lle profesa. É un Deus humano, demasiado humano, mais por iso mesmo sumamente, dramaticamente sensíbel ao amor ou desamor da sua criación.

Mais ainda sendo un Deus da misericórdia, puxo-nos ás portas do Paraíso un anxo (221) que nos couta a entrada e nos retén nos lindieiros do Edén perdido, na vida. Este anxo é un frio e leal carcelero que executa profesionalmente as ordes da superioridade. Non está suxeito ao pecado orixinal. Non comeu o froito da árbore do ben e o mal, e como consecuencia non comprende nada do drama que fai sofrer ao home e a Deus. Aburre-se facendo a sua guarda. É un tecnócrata que cumple as ordes do Goberno. É unha criatura non desditada —mais tampouco ditosa—, porque é disciplinado. Digamos que non posui liberdade para elixir entre o ben e o mal, que non son categorías da sua mente, e como non pode elixir descoñece a traxédia. Non está visto de acordo coa tradición bíblica posterior á cautividade de Baíbilonia, que, por influéncia da teoloxía mesopotámica, admite nos anxos o coñecimento do que é bon (a obediencia) e o que é mau (a rebeldia). A primitiva tradición non fala de anxos maus, e a esta tradición remite-se o poeta, quizá non conscientemente, senón por unha propensión a considerar o mal como algo puramente humano:

*O mal e o ben do meu lume non son  
categorías, pois a enxebre razón  
que ás miñas asas puxo Deus como enderezo,  
denantes da árbore floreceu. Non coñezo  
ben ou mal, gromos de edén e creazón.*

(“Rondel do anxo do Paraíso”)

Temos así un Deus atento ao home (imperfeito frente á Perfección Intrínseca), adicado enteiramente a el, como se fósemos o único froito da criación, herdeiros de El, ainda que tamén de El orfos (141). E frente á sua infinitude e eternidade está a nosa morte.

## 2. A VIDA

Vimos que o home está limitado pola sua humanidade, contrastando con Deus a nosa cativeza, que El ama, pois se

*o home ama o eterno,  
só Deus ama o efímero (163)*

E esta limitación é orixinal. O home que se nos apresenta non é, como dixemos, individualmente culpábel, non ten máis falta que a da nosa espécie: a soberbia, por ela perdémos o Paraíso. Frente a ela, exalta-se a humildade como via de redención individual. A vida é só tránsito e catarse.

O home, mero actor no drama da vida, aprisionado e atormentado, só poderá achegar-se a Deus pola sumisión, pola entrega (234-236). Non hai, pois, o quietismo que podería derivar-se do dirixismo divino (ainda que si poderíamos achar determinismo): polo sofrimento teremos o acceso a El nun progresivo despego do terreno cara a sua perfección, cara o acougar. Por iso a traxédia da vida, inherente á esencia humana, non ha ser un valdeiro sacrificio. O fin do home non ha estar só en tripar toxos e espiños (234), pois

*se non adepréndéramos o duro silabario,  
nunca ler poderíamos no libro das estrelas (139).*

A alma, cal terna pomba, cal Bacante martirizada nos seus atributos más esencialmente femininos (235), chamada por Deus á noite do seu servizo, á fraga do seu niño, debe apagar a sua queixa, inútil, dos seus beizos de terra, e converti-la en palabras de amor (236), nacer novamente para Deus tras un bautismo de fogo (139).

E a nosa vida, expiación da nosa condición humana, sen meta en si mesma, é unha sucesión de vidas. É triloxia, tetraloxia que representamos incesantemente:

*e cando todo semella rematado, outro todo comeza,  
pois*

*como o sangue de Agamenón ao sangue de Clitemnestra chama,  
e o sangue de Clitemnestra desperta as Erínnias dormidas,  
asi quizá a morte dunha vida outra vida acende  
que ha morrer pra enxendar da sua morte outra vida,  
e en aneis grandiosos tecer a infinita cadea  
cuxo termo incesante é sosego no infindo dun Zeus (140).*

A vida aparece subdividida en diferentes vidas, encuadradas por dramáticos fitos: sucesivas mortes (160). E ainda que o home se apresente como constante naipelo frente a Deus, o tempo, como o río (156), vai-no levar á madurez, etapa na que no Saltério se situa o autor.

Temos así no home sucesivas etapas (156):

a) Infancia: sinceridade e medo (esta etapa da vida merece ser especialmente destacada na obra xeral de Carballo Calero).

b) Adolescencia: debilidade agachada na autosuficiencia, na falsa seguridade (o cigarro entre os beizos: 141), na negación de Deus e do espírito. Etapa de realidade farta e oca, de valeiro.

c) Madurez: plenitude, autenticidade, valoración de Deus, espírito e morte. Etapa de serenidade, como o mar (auga tranquila), como o solpor (luz peneirada: 140). Mais, con todo, época de imperfección, porque só a morte, final da cadea das sucesivas vidas, vai traguer a dozura, semellante ao sono dun neno. Morte e sono: descanso (141).

A vida en si mesma, marcada por dramáticos entreactos, dos que Deus nos concederá o esquezo (184), ha ser na sua esencia desacougo, saudade.

O ritmo da roda escuro fai de nós tal que seixos arrastrados pola voz da pincheira (139), e, sen morte, o pensamento arrandea-se: labilidade humana frente à inmutabilidade de Deus (141). A nossa existéncia, pendurada da árbore da vida e da árbore da ciéncia (164), ve-se desnortada nun ir e vir da natureza, da espontaneidade, ao imperativo da lei exterior, do pecado, ao código imposto. Coñecer é sofrer, porque é facer-nos sabedores das nosas limitacións. E o poeta dirixe-se ao home que leva dentro:

*Probe neno que a tua randeeira  
atas à arbre da vida, à arbre da ciéncia,  
e vas da sombra à luz, da luz à sombra* (141),

incapaz de dar a volta de campana, de trazar a perfección do círculo (164). Ignorante, como neno, frente à omnisciéncia de Deus, non é quen para albiscar o seu porvir existencial.

O home, descoñecedor do seu determinado destino, figurará, na sua desolación, Edipo, arrincando os ollos na sua desesperada cegueira, arelando facer da traxédia da vida simple prólogo dunha composición ulterior escrita por un dramaturgo asentado nas nubes (140).

Canto à felicidade, apresenta-se o home como un falcón sedento dela (190). E desesperando de acadá-la, o poeta dirixe-se ao seu acólito (que interpretamos como a sua compañeira) aconsellando-lle: *contenta-te con ser feliz humildemente* (190), escéptico de podé-la atopar na sua totalidade.

Por iso a poesía non é amada polo poeta en si mesma, como plenitude; é un sucedáneo, o retrato de algo que non se posui e que afervoradamente se busca,

*¿de qué? ¿Felicidade,  
Deus, vida, ben, sosego?* (187)

(Observe-se como o encañalgemento do verso suliña o termo, como se tras del viñese unha enumeración de elementos contribuintes á felicidade.)

E a arela de perfección, de felicidade, non ha ter no amor a sua realización.

### 3. O AMOR

O poeta percebe a sua pequenez, e a sua limitación no mesmo amor terrenal; ten unha conciéncia clara da sua efemeridade; e a sua arela de infinito remete directamente a Deus. O home ama o

eterno, porque é efímero. Só Deus, infinito, pode satisfacer a finitude terrena:

*«Cómo contentar pode a pequenez*

*à pequenez»<sup>7</sup>*

*«Cómo pode agardar o home a sua paz  
da muller? (163).*

¿Poderia dicer-se que o sentido relixioso, a necesidade de xustificación espiritual é o máis relevante na poesía de Carballo? Non o poderíamos asegurar categoricamente. Algunxs críticos teñen suliñando a importancia dos motivos "femininos" na sua poesía. Hai, efectivamente, frecuentes visións de figuras femininas que parecen simbolizar a forza vital, a beleza e o agarimo da natureza, e que se nunca caso estarían inicialmente deseñadas, talvez, con caracteres singulares, pronto difuminan os rasgos particulares para exemplarizar á pura feminidade; mais, segundo pensamos, transcendendo ainda deste platonismo para apontar á beleza natural, á dozura dunha natureza que se supón ainda non afeada pola expulsión do Paraíso, e en último, en derradeiro termo, para apontar a unha esencia divina, a un Deus que garantice o sosego, a paz e o gozo da beleza sensíbel nun éxtase de amor cósmico no que Deus, a natureza e o home viven en armoniosa comunión<sup>7</sup>.

Así é qué o motivo "feminino" ou o motivo "amoroso", cando aparecen, puderan talvez interpretar-se como preámbulos ou aproximacións ao grande motivo da procura de Deus.

A muller, cal o acólito, debe concelebrar co home o sacrificio de vivir. Non se lle exclui, pero camiñará tras do home en procura da perfección, que só se vai atopar cando das nosas cinzas, como ave fénix, xurda un corpo eterno, cando tras da noite se faga a luz, a liberdade:

*Liberazón sen fin, infinda arela.*

*Quen se libera arreda-se e afasta-se.*

*Só o morto está de todo liberado. (160)*

<sup>7</sup> Cremos ver no poema "Ti que me axudas nesta misa eterna" (190) unha especial adscrición á condición varonil da procura do transcendente. A muller debe secundar, simplemente esta procura, sen caer na tentación paradisiaca de ser como Deus, de aspirar a ser o deus do varón. Volvemos a atopar, de algun xeito, o motivo no *Auto do Prisioneiro*, cando o home solicita de Laura axuda para chamar á porta do director. Mais, na orde cronolóxica, *Saltério* é anterior ao *Auto*. Non cremos que estes motivos poéticos supofian unha verdadeira discriminación da muller perante a toma de conciencia relixiosa, pois a poesía do noso autor abonda en referencias á muller como "mensaxeira de máis formosa vida" (96) e, explicitamente, como camiño cara Deus: "a Deus por ti a chegada" (131). Neste sentido, a sección *A soleira de ouro* (129 ss.) é dun platonismo cuase dantesco. Estimamos que o autor se limita a operar dialecticamente dentro da cultura social patriarcalista en que foi educado, ao supor, aos efectos do culto, ao home cabeza da muller, segundo a concepción paulina (I. Cor. 11, 3).

Remitimos, pois, a San Paulo aos espíritus feministas. Queden así tranquilos, e non busquen en don Ricardo un nemigo público nin unha nova canteira temática para a mitificación que, xa hai ben de tempo, se opera sobre unha personalidade tan interesante e tan aberta ou encubiertamente admirada como a do noso "vello profesor e amigo".

#### 4. A M O R T E

E a morte, *fria como raiña*, non é temida, porque é a *sempre bela*, a enxebre torre que a ninguén rende a sua pureza, e

*non hai facho que borre  
o mistério da sua beleza* (165),

beleza imposíbel na vida,

*naquela morte que a tua vida era* (142),

cando, co desorbitado sofremento, o home é

*cadáver vivo nunha deserta praia* (151)

A morte é positiva; tras do pano gris e mouro, que cai encol da catástrofe (140), virá o fin do constante arrandeo, o acougo, a palinxenésia:

*das táboas do teu cadaleito hei facer o teu berce* (236),  
di-nos, e

*asi i chifro xiado do paxaro das asas de noite  
pode alento ser quente, xenesíaco bafo de Alguén* (140).

Esta visión da morte como algo que quizá está dotado dunha misteriosa, dunha pudorosa beleza, que non enxergan doadamente “os nosos ollos de terra”, plasma-se do xeito máis expreso no poema “Gadañadora”, de título significativo, onde unha figura feminina de moza labrador se transforma en símbolo do tránsito:

*Con que formoso ar o brazo adoito  
retrás un intre —os teus cadris de froito  
base dun breve xiro do teu busto—,  
adiantas a gadaña molemente  
e unha verde oferenda tenra e húmida  
fica aos teus pes, deitada en brando sono.*

*O horizonte lonxíncuo, ergueito o ceu,  
toda a terra un feal, enches o mundo;  
senlleira estás, e toda a terra é tua.  
Gadañadora de apacíbel xesto  
que segas a herba mol, ritmicamente.*

*Quizá a outra é asi; quizá ti é-la.  
Despiu-te o medo da tua polpa rosa;  
osos ve só o noso horror de nenos.*

*Como herba somos, e a sazón requere-te.*

*Para me esperanzar co aceno maino  
e que non trema se os teus pes escouito  
cando os meus ollos xa te ver non podan,  
quizá co esa coroa de centeio,  
co eses coturnos de bidueiro, como  
unha moza que ceifa coa gadaña  
o feno verde do paterno prado,  
quixeches aos meus ollos anunciar-te* (191).

## RECAPITULACIÓN

No *Saltério de Fingoi* apresenta-se-nos, pois, a vida como unha sucesión de traxédias; na sua derradeira eséncia, catarse intermitente.

O poeta situa-se nunha posición de menesterosidade ante Deus. E no libro, máis concretamente, na terceira etapa vital, a madurez, cando

*a luz peneirada enmolece os ríspitos rostros* (140),

cando a paz do solpor se extende encol dos despoxos, nun reencontro coa crenza infundida na nenez, que

*retorna agora que esmorece o outono  
e hai neve nos curutos das montañas,*

como nos di no seu diálogo coa alma (167).

Unha crenza, unha fe non infantil e docilmente, senón introspectiva e intelectualmente assumida.

Medita sobre a vida humana: é un tránsito. Mais ainda así ve que entre os seus conxéneres hai-nos que levan a vida como Cristobalón, tal se a vida fose un formoso neno, un precioso don, un valioso peso; hai-nos tamén que a levan coa exultante lediza e gozosa posesión con que o raptor leva à doncela roubada; el leva a vida como unha cruz, cangado polo peso (154).

Mais, pudicamente reservado, apagará a sua queixa, agachará-a tras da alegoria da Bacante, a alma (234). Ningún aduviñará a sua coita (162), enchousado no seu rico, profundo, dilatado mundo íntimo, no abalar do seu pensamento, da luz á sombra, impotente ante a innata imperfección do semicírculo (164).

Por iso negará a beleza á imperfeita existéncia humana:

*... quizá para outros es formoso,  
mundo; non para mí, sempre teimoso  
do meu mundo interior, para él só abierto,*

desvencella-se do seu entorno —non por ser-lle hostil, porque o seu próximo, o home, é esencialmente bon—. Agacha a sua existéncia nunha vida íntima e solitária. Decata-se de non ter amado a vida, ao reflexionar nun adeus que cria próximo:

*Asi te cruciei, mundo. Foi negado  
o teu sol á pel miña, o teu recendo  
á miña arela de sentir magoado..*

*No meu lume de dentro só me acendo.  
¡Irei comigo donde for levado,  
terra, voz cuxa fala non entendo!* (194).

## ENVIO

Neste noso breve estudo non pretendémos facer de Carballo Calero unha tardeira vítima dunha reinstaurada Inquisición, nen achárla na sua lírica unha teodicea que a Igrexa Católica deba ter en conta para as eséxeses dos seus libros sagrados. Detivemo-nos só nunha persoal leitura do *Saltério de Fingoi*.

Hai moito de oración, de petición de auxílio, de confesión de desvalimento, de filial arela de protección nos salmos do *Saltério*. O libro bíblico de tal nome reúne cánticos de vários tipos. Diríamos que é o salmo penitencial, o que rexistra a distancia entre o home e o Deus, o que confesa a insignificancia do que aspira ao consolo no grémio paterno, a angustia da efemeridade, a petición de salvación e misericordia, o que estaba especialmente na mente do poeta cando na soledade de Fingoi, desacougado por graves inquedanzas, tanxe o seu instrumento lírico, o seu *Saltério*, como David rodeado de inimigos, é dicer, rodeado de forzas mundanas que baten con fria dureza no seu corazzón.

ARACÉLI HERRERO FIGUEROA

Lugo

